

ARQUITECTO
ANTONIO
PALACIOS

O LEGADO
DE NIGRÁN



fesional de Antonio Palacios, cando xa consolidara unha alta reputación tras a finalización de importantes obras madrileñas, como o **Palacio de Comunicacions** (sede do concello), o **Banco Español do Río da Prata** —hoxe local do Instituto Cervantes—, o **Círculo de Bellas Artes** ou o **Hospital de Maudes**.

En Galicia tamén era un profesional prestixioso e en gran parte mitificado pola sociedade, que a través de prensa coñeceu en detalle os seus éxitos madrileños. A relación coa súa terra, que nunca se perdeu, intensificouse nestes anos, producíndose un achegamento ao ambiente cultural que propiciaba o galeguismo. O contacto directo co grupo de artistas galegos implicados na procura dunha estética rexionalista de carácter galaico incentivouno a dar unha resposta semellante no campo da arquitectura.

En Nigrán a súa obra cimeira é o **Templo Votivo do Mar**, unha construción realizada por cuestión popular, que Palacios seguiu en detalle aínda residindo en Madrid aillado pola guerra. Tamén é autor do coñecido como **Chalé do Sileno** e puxo moito interese no estudo da **igreja de Santiago de Parada**.



A presenza de obras de Palacios en Madrid orixina unha auténtica ruta arquitectónica. Imaxes do actual concello, Banco Español del Río de la Plata e Hospital de Maudes



O TEMPLO VOTIVO DO MAR (RÚA MARIÑEIRO) 42.145842253996676, -8.823639813641078

No ano 1929, ante a insuficiencia e ruína da igrexa parroquial de San Xoán, formouse en Panxón unha comisión coa intención de construír un novo templo.

A proposta de Palacios incluíu a conservación do arco visigótico da antiga igrexa. **A primeira pedra** colocouse o 27 de novembro de 1932 nun popular acto no que participaron o arquitecto e o bispo Antonio García. A construción comezou pola zona da ábsida sendo José Mogimes o construtor que interpretou a idea de Palacios con precisión.

Nas cartas que Palacios remite dende Madrid ao párroco dalle precisas instrucións, acompañadas ás veces de debuxos explicativos. Reflicítese nesa correspondencia a forma de crear de Palacios, as súas intuitivas solucións, a interpretación persoal dos referentes históricos ou a experimentación cos materiais.

Na **definición da linguaxe arquitectónica** o técnico porriñés converte en protagonista a forte expresividade da pedra sen labrar.



Palacios e José Mogimes cando se puxo a primeira pedra do Templo Votivo do Mar.

Refórzaa co carácter compacto dos volumes, presentados como unha gran masa granítica xurdida do subsolo. Seguindo os hábitos na construción de igrexas, unha vez concluída a ábsida e o arco triunfal celébrase a primeira misa o 10 de decembro de 1933.

Palacios **rompe a tradición** de situar accesos nos lados do transepto e no seu lugar dispón un paramento cego. A lixeira separación deste paramento do final do cruceiro énchese cunha orixinal vidreira de lousas de vidro grosso que adoita a forma dun arco apuntado. Palacios xerará unha obra altamente creativa, realizada como un collage de materiais de baixo custo e técnicas construtivas tradicionais.

O emprego audaz dalgúns destes materiais proporcionalle ao templo algúns dos seus trazos máis orixinais. No exterior **a violencia do granito reforza a potencia** dos recios volumes. No interior os materiais xeran unha singular escenografía, froito da combinación do colorido dos mosaicos, coas rudas texturas da pedra, o ladrillo visto da cúpula e as lousas de cristal grosso das vidreiras. Á fachada incorpóranse detalles escultóricos que amosan un **carácter expresionista**. No remate o rostro de Cristo, coroado con espiñas nunha clara alusión á Paixón.





SANTIAGO DE PARADA (CAMIÑO DA IGREXA)
42.130291524836395, -8.777921641106142



Na **reitoral** deixa Palacios outro exemplo da súa arquitectura doméstica de intención rexionalista que neste caso se integraba no templo Votivo do Mar no que mantén a súa linguaxe primitivista. Nun lateral da reitoral hai pezas procedentes da fachada da vella igrexa, algo que non gustaba moito a Palacios, entre elas a antiga portada, que agora acolle a entrada principal e a fornela superior reconvertida en fiestra. O **baptisterio** decorouse coa escena de san Xoán bautizando a Xesús baixo a pomba do Espírito Santo. A **pía bautismal** é a orixinal do antigo templo de Panxón.



Os tres primeiros tramos da **bóveda** de entrada acollen mosaicos dedicados á Virxe. No primeiro represéntase o da Anunciación, no segundo o tema da Ascensión e Coroación da Virxe e o terceiro a Nosa Señora do Carmen.

arcos que se enlazan dous a dous nos arranques. A **lámpada** é un deseño seu inspirado nas coroas visigóticas. Dela pendura unha **cruz patada ornamentada con pedras preciosas**.



Os cadernos de campo de Antonio Palacios, con debuxos e apuntes realizados nas súas viaxes, corroboran a súa preocupación pola historia e a arquitectura do pasado. Un dos edificios ao que prestou singular atención e debuxou con gran detalle, foi a **IGREXA DE SANTIAGO DE PARADA EN NIGRÁN**.



A **torre** acolle unha escaleira de caracol de acceso ao remate superior á que Palacios lle outorga a función de balcón sobre o mar. Remata con catro hieráticas figuras de anxos enlazados que simbolizan os catro puntos cardinais



CHALÉ SILENO (AVDA. PRAIA AMÉRICA, 38)
42.1274120,-8.818998



Aínda que fixo varios proxectos, **UN DOS CHALÉS QUE PALACIOS LOGROU COMPLETAR FOI LEVANTADO EN PRAIA AMÉRICA** por Pedro A. Villahermosa Borao «Sileno». Esta vivenda, miúda e recollida para veraneo, ten a suficiente sobriedade como para poder situala arquitectónicamente no punto intermedio entre as visións metropolitana e paisana que desenvolveu o arquitecto galego.